

# **REGULAMENTO DA COMISIÓN DE ESTUDOS DE MASTER E DOUTORAMENTO**

O Real Decreto 1393/2007 establece a organización dos estudos universitarios en tres niveis: grado, máster e doutoramento. Asemade, a fase formativa dos estudos de doutoramento queda establecida, salvo casos excepcionais, ligada a un ou varios máster.

Por elo, compre a creación dunha Comisión que abarque estes dous niveis, donde se inclúe una subcomisión específica de doutoramento para procedimentos específicos deste nivel.

## **CAPÍTULO 1. COMPOSICIÓN E FUNCIONS**

### **Artigo 1**

1. A Comisión de estudos de Máster e Doutoramento da Universidade da Coruña estará composta por:

- O/a vicerreitor/a con competencias en Organización Académica, que a presidirá.
- Os/as vicerreitores/as con competencias en Calidade, Profesorado e Investigación, como membros natos.
- Dous membros do PDI da rama do coñecemento de Artes e Humanidades, dous da rama de Ciencias, dous da rama de Ciencias da Saúde, tres da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas e tres da rama de Enxeñería e Arquitectura, debendo todos eles ser profesores permanentes doutores. Actuará como secretario/a o membro do PDI designado polo presidente.
- Un membro do PAS.
- Dous estudantes.

2. Os representantes do PDI, do PAS e do estudantado serán propostos e elexidos en sesión de Consello de Goberno de entre os membros dos respectivos sectores da comunidade universitaria por un período de catro anos agás os estudantes que o serán por dous anos, sendo posible a reelección por unha soa vez.

3. Os representantes do PDI renovaranse cada catro anos por metades. Os representantes do estudantado renovaranse cada dous anos

### **Artigo 2**

Son funcións da Comisión de estudos de Máster e Doutoramento:

1. Elaborar e, no seu caso, modificar o regulamento de réxime interno da propia comisión.
2. Elaborar e, no seu caso, modificar a normativa de elaboración dos planos de estudo dos máster e doutoramentos.
3. Propoñer ao Consello de Goberno da UDC os másteres e doutoramentos, por iniciativa das xuntas de centro, departamentos ou institutos según proceda en cada caso, e informar ao Consello de Goberno das modificacións sobre os xa existentes, para a súa aprobación.
4. Velar pola existencia dos recursos humanos e materiais necesarios para a implantación dun máster ou doutoramento e, no seu caso, informar sobre as necesidades existentes

5. Analizar a calidade académica de cada proposta de máster ou doutoramento, para o que deberá considerar a adecuación do historial docente e investigador das persoas responsables da docencia, a coherencia do programa, a optatividade máxima e a interdisciplinariedade con que se formula.
6. No caso de programas conxuntos con outras universidades, a comisión velará polo cumprimento da normativa estatal e autonómica aplicable.
7. Propoñer, se for necesario, no caso de másteres propostos conxuntamente por varios centros a súa adscrición a un deles.
8. Determinar o número mínimo de estudantes para autorizar que se imparta un máster ou doutoramento na UDC, de acordo coa normativa autonómica.
9. Autorizar, a proposta das persoas responsables do programa, a colaboración nun máster ou doutoramento de profesionais e de investigadores, que non sexan profesores universitarios.
10. Autorizar, a proposta das persoas responsables do programa, os acordos de colaboración con outras institucións ou organismos públicos ou privados.
11. Establecer, a proposta das persoas responsables do programa, os requisitos de admisión específicos e os criterios de valoración de méritos para o acceso a un máster ou doutoramento.
12. Establecer anualmente as datas para a presentación por parte das xuntas de centro, departamento ou instituto das novas implantacións de máster ou doutoramento, así como as das modificacións dos xa existentes.
13. Propoñer anualmente ao Consello de Goberno as datas de preinscrición e matrícula nos másteres ou doutoramentos.
14. Tomar os acordos necesarios relativos á organización académica dun máster ou doutoramento, e resolver os conflitos que puideran xurdir.
15. Propoñer a modificación da normativa propia de estudos de posgrao oficiais para a súa aprobación polo Consello de Goberno.
16. Calquera outra competencia que lle atribuír a lexislación vixente e os Estatutos da UDC.

### **Artigo 3**

1. A Comisión actúa en pleno ou nas comisións delegadas establecidas a que se refire o capítulo II deste regulamento. O pleno poderá delegar nestas últimas as competencias que considere oportunas por razón da materia.
2. A Comisión pode constituír en calquera momento comisións específicas para tratar temas concretos, respectando na súa composición a representación dos sectores implicados.

## **CAPÍTULO II. NORMAS DE FUNCIONAMENTO EN PLENO OU EN COMISIÓNS**

### **Sección 1ª. Da convocatoria, constitución e funcionamento do pleno da Comisión de estudos de Máster e Doutoramento**

#### **Artigo 4**

1. A convocatoria da comisión corresponde ao/á Vicerreitor/a con competencias en Organización Académica.

2. Para que a convocatoria produza efecto, deberase poñer en coñecemento de todos os membros da comisión mediante unha notificación en que se fará constar a orde do día e, asemade, o día, a hora e o lugar da reunión.

3. As notificacións serán enviadas polo menos con corenta e oito horas de antelación. A convocatoria será nominal e dirixida ao departamento, centro ou servizo a que pertenza o membro convocado e, no caso dos representantes do estudantado, ao local asignado a eles nos diferentes centros ou, durante os períodos non lectivos, aos seus domicilios particulares. En casos de convocatoria urxente dunha sesión quer ordinaria quer extraordinaria, deberá respectarse un prazo mínimo de vinte e catro horas. A información sobre os temas que figuran na orde do día poderase enviar por correo electrónico se a maioría absoluta da comisión está de acordo.

### **Artigo 5**

1. As sesións do pleno da comisión poden ser ordinarias ou extraordinarias. As sesións ordinarias teranse que realizar polo menos unha vez cada cuadrimestre.

2. As sesións extraordinarias, en que se tratará un só tema ou varios temas de natureza complementaria, realizaranse por iniciativa do/a presidente ou dun terzo dos membros da comisión. Neste caso a sesión terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos despois da data de presentación da solicitude no Rexistro Xeral.

### **Artigo 6**

1. A orde do día será elaborada polo/a presidente.

2. Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos de aprobación da acta da sesión anterior, e de rogos e preguntas, agás que a sesión da comisión sexa extraordinaria.

3. Deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente solicitase por escrito unha cuarta parte dos membros da comisión.

### **Artigo 7**

Para a válida constitución da comisión será necesaria, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos seus membros. En segunda convocatoria, que se realizará media hora máis tarde, constituirase validamente cun terzo dos seus membros.

### **Artigo 8**

1. Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha proposta. Non se adoptarán acordos válidos se no momento da votación non estiveren presentes un terzo dos membros da comisión.

2. As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, e secretas, cando o solicitaren catro membros da comisión. En todo caso, serán secretas cando afectaren a persoas concretas e o solicitar calquera membro do consello.

### **Artigo 9**

1. Ningún membro pode delegar as súas funcións, salvo o/a presidente, nin ser substituído nas sesións da comisión.

2. Non se admitirá a delegación do voto nin o voto anticipado dos membros da comisión.

## **Sección 2ª. Das comisións delegadas da comisión de estudos de Máster e Doutoramento**

### **Artigo 10**

1. Sen prexuízo das comisións específicas creadas pola comisión, na forma que determine, para tratar temas concretos, creárase como comisión delegada estable da Comisión de estudos de Máster e Doutoramento a comisión de Doutoramento, que estará integrada por:

- o/a Vicerreitor/a con competencias en Investigación, que a presidirá.
- Cinco membros representantes do PDI do Pleno da Comisión de estudos de Máster e Doutoramento, un por cada rama do coñecemento.

2. Entre outras funcións que lle delegue o Pleno, a Comisión de Doutoramento deberá elaborar un novo regulamento de estudos de doutoramento adaptado ao Real Decreto 1393/2007 ou normativa que o substitúa.

3. En tanto estén en vigor os programas de doutoramento regulados polo Real Decreto 778/1998, a Comisión de Doutoramento manterá as funcións contempladas no actual regulamento de estudos de doutoramento ata a completa extinción dos devanditos programas.

### **Artigo 11**

Son competencias das comisións estables informaren dos asuntos presentados pola Comisión, elaboraren propostas concordantes coa súa natureza, e aquelas outras que lles foren delegadas mediante acordo do pleno da Comisións. As súas decisións terán carácter executivo.

### **Artigo 12**

As sesións das comisións delegadas celebraranse en días administrativamente hábiles, e serán convocadas polo/a presidente, por escrito, polo menos con 48 horas de antelación. En caso de urxencia poderán ser convocadas polo/a presidente de forma oral e sen cumprir o prazo de 48 horas, respectándose neste caso un prazo mínimo de 24 horas. O/a presidente deberá convocar as sesións tras a iniciativa dun terzo dos seus membros.

### **Artigo 13**

As comisións entenderanse validamente constituídas pola maioría absoluta dos seus membros. Os seus informes e propostas serán adoptados por maioría simple.

## **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Quedan derogadas a normativa previa sobre a Comisión de Doutoramento da

Universidade da Coruña.

**DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno.